

DECRETO

EXCMO. SR. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 4-2025). FINANCIAMENTO POR PARTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO, EN RELACIÓN COS INVESTIMENTOS A EXECUTAR CON CARGO AO "PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025"

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 599.963,13 € en base ao acordo Plenario da Excma. Deputación de Lugo, con cargo ao "PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025" (importe total do gasto subvencionable é de 632.463,13 €, cun coeficiente de Financiamento Afectado Global Inicial do 0,9486%), así como a natureza de financiamento afectado da aportación da Deputación Provincial, que obra no expediente, propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), e examinados os antecedentes obrantes no expediente.

Visto informe favorable da Intervención Accidental, Ref.: 617/2025, do 05.05.2025

Considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 4/2025), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS:Compromisos de ingreso da Deputación Provincial.-

Concepto	Código proxecto	Importe
76100	25XX00033	99.963,13 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base aos compromisos firmes de aportacións anteriores.

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac894064896345712483.doc

Asunto: PPU 2025

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
45910.61900	25XX00033	99.963,13 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.